

---

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 12 DE XUÑO DE 2014,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETO**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Decreto polo que se crean e regulan os órganos colexiados con competencias en materia de seguridade da información e goberno electrónico da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Decreto polo que se concede o título de Embaixador de Honra do Camiño de Santiago.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se declaran festas de Galicia de interese turístico: a Festa da Rosa en Mos e a Festa das Cereixas de Paiosaco na Laracha.
- Acordo polo que se aproba a proposta conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda do Plan de mellora da contratación pública 2014-2016.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRESTRUTURAS**

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia cos concellos de Cenlle, San Amaro e Punxín para a execución da obra: "Mellora do abastecemento de auga nos concellos de Cenlle, San Amaro e Punxín dende a ETAP de Razamonde. Cenlle, San Amaro e Punxín (Ourense)", clave OH.232.808, por unha contía de tres millóns cento oitenta e cinco mil trescentos cincuenta e un euros con dezaioito céntimos (3.185.351,18 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, para a actualización e reedición do «proxectoterra», por un importe total de douscentos dezaioito mil trescentos noventa euros (218.390,00 euros).

---

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se regulan as compensacións económicas que percibirán as persoas que asumen responsabilidades na organización dos comedores escolares e na atención e vixilancia dos escolares comensais.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación documentalmente simplificada, en 24 lotes, polo procedemento aberto multicriterio e tramitación urxente, da xestión de 102 comedores escolares da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria durante o curso 2014/15, polo importe de seis millóns cincocentos vinte e un mil cento oitenta e seis euros con setenta e nove céntimos (6.521.186,79 euros).

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para a ampliación de créditos no proxecto de orde pola que se establece a modificación da Orde do 30 de decembro de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, das subvencións para o financiamento de formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual. Importe total da modificación: tres millóns de euros (3.000.000,00 euros).

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre “Novos servizos de Administración electrónica para a relación coa cidadanía”.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre a convocatoria das ordes do Plan Renove de lousa, granito e tella para o ano 2014.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe sobre a evolución da oferta de másteres oficiais no sistema universitario de Galicia 2006-2014.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**



- 
- Informe sobre a construción do novo centro de saúde de Culleredo.



---

## **O NODO DE INTEROPERABILIDADE DA XUNTA POSIBILITARÁ EN 2015 UN AFORRO DE MÁIS DE 5 MILLÓNS DE EUROS EN CARGAS ADMINISTRATIVAS A CIDADÁNS E EMPRESAS**

- ***Pasaxe! permite o intercambio de información entre as administracións estatal, autonómica e local e evita presentar documentos que consten en poder destas***
- ***En 2014 incorporáronse na plataforma ata 30 tipos de certificados distintos***
- ***Porase á disposición das entidades locais dentro do catálogo de servizos dixitais que se ofrecerá aos consellos***
- ***Ademais, a Xunta porá en marcha este ano o sistema de notificacións electrónicas que substituirá o correo certificado coas mesmas garantías legais e de seguridade***
- ***O Consello aprobou o proxecto de Decreto que establece a creación da comisión interdepartamental que se ocupará da aplicación da Administración electrónica de xeito homoxéneo***

No marco do Plan de modernización da Administración autonómica, a Xunta impulsará os servizos dispoñibles no nodo de interoperabilidade Pasaxe! co obxectivo de acadar o millón de consultas en 2015, o que posibilitará un aforro de 5 millóns de euros pola redución de cargas administrativas. Ademais, este ano porase en marcha o sistema de notificacións electrónicas Notific@, que substituirá as comunicacións certificadas por correo ordinario coas mesmas garantías legais, de seguridade e confidencialidade.

Pasaxe! é a plataforma tecnolóxica que permite o intercambio de información entre as administracións autonómica, estatal e local evitando ao cidadán achegar documentación que xa está en poder das administracións públicas. Cúmrese así coas obrigas establecidas na Lei 11/2007, do 22 xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Pasaxe! entrou en funcionamento con catro procedementos, os existentes ata agora no portal de interoperabilidade que a Xunta puxo en marcha en 2010 para os seus departamentos, e que nos últimos tres anos evitou aos cidadáns a presentación de máis de 680.000 copias de documentos ou certificados de identidade, residencia e catastro. As consultas a este portal supuxeron un aforro por redución de cargas administrativas de máis de 780.000 euros.

A estes servizos, Pasaxe! incorporou 15 máis e ao longo do ano acadaranse un total de 30 como o imposto de actividades económicas, o título de familia numerosa, títulos universitarios e non universitarios ou o certificado de discapacidade, entre outros. Coa incorporación dos novos servizos a previsión é aumentar nun 300% o número de consultas polo que se acadará o millón en 2015. Ademais, a Xunta porá á disposición dos concellos o nodo de interoperabilidade, o que lles permitirá acceder aos servizos de interoperabilidade da Administración xeral do Estado.

### **Notific@**

Este ano entra tamén en funcionamento Notifica@, o servizo de notificacións electrónicas que permite o envío e recepción de notificacións nunha caixa de correo persoal de forma



---

segura e confidencial. Nos vindeiros meses habilitarase esta canle e o obxectivo é incorporar a notificación electrónica en polo menos 20 procedementos no ano 2015.

Deste xeito Notific@ substituirá o sistema tradicional de notificacións postais naqueles casos en que o cidadán o exprese voluntariamente. Calquera persoa física ou xurídica poderá dispor deste sistema de enderezo electrónico habilitado asociado ao seu NIF, no que recibirá as notificacións dos procedementos a que se subscriba. É un servizo gratuíto que só require dispoñer de calquera dos certificados dixitais habilitados na sede electrónica da Xunta.

Ademais, a implantación do servizo de notificacións electrónicas suporá un aforro directo aproximado de 3 euros unitarios segundo estimacións realizadas por diversas administracións entre as cales se atopan o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e a Axencia Tributaria.

Notific@ foi concibido para converterse no sistema de notificacións electrónicas de Galicia, é dicir, un punto único en que os cidadáns reciban as comunicacións das diferentes administracións públicas galegas. Ao longo deste ano elaborárase un plan de despregamento específico para incorporar paulatinamente os concellos e os seus procedementos.

### **Decreto**

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Decreto que regula os órganos colexiados con competencias en seguridade e goberno electrónico, que establece a creación dunha comisión interdepartamental que se ocupará das medidas administrativas, organizativas e tecnolóxicas para a aplicación da Administración electrónica de xeito homoxéneo e integrado en todos os departamentos autonómicos.

Entre as súas competencias estará a de propoñer e aprobar as políticas, plans de acción, directrices e normas internas relativas á seguridade da información na Xunta de Galicia para dar cumprimento ao requirido polo Esquema nacional de seguridade no ámbito da Administración electrónica e por suposto á normativa de protección de datos persoais.

Trátase de crear as condicións necesarias para a confianza no uso dos medios electrónicos, a través de medidas para garantir a seguridade dos sistemas, os datos, as comunicacións, e os servizos electrónicos, que permita o exercicio de dereitos e o cumprimento de deberes a través destes medios. Cada vez son maiores os riscos de seguridade no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións, polo que é necesario establecer actuacións para atallalos tanto no ámbito técnico como en aspectos organizativos, de formación e concienciación.



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE CONCEDE O TÍTULO DE EMBAIXADOR DE HONRA DO CAMIÑO DE SANTIAGO A TÍTULO PERSOAL A VICENTE DEL BOSQUE GONZÁLEZ**

- *A concesión do título de Embaixador de Honra está regulada polo Decreto 163/2013, do 24 de outubro*
- *O título recoñece o apoio e axuda prestada por Vicente del Bosque na difusión, promoción e coñecemento da Ruta Xacobeá e dos valores asociados a ela*
- *O primeiro Embaixador de Honra do Camiño de Santiago é a S.A.R. o Príncipe de Asturias*
- *O Plan integral de turismo recolle esta acción dentro da súa primeira liña estratéxica centrada no Camiño como eixe vertebrador de novas alternativas de turismo e modelo demostrador internacional*

O Consello da Xunta aprobou a concesión do título de Embaixador de Honra do Camiño de Santiago a Vicente del Bosque González, Marqués de Del Bosque. A concesión deste título está regulada no Decreto 163/2013, do 24 de outubro, e é o titular da Presidencia da Xunta de Galicia quen realiza a súa concesión.

O expediente para a concesión do título de Embaixador de Honra do Camiño de Santiago a Vicente del Bosque iniciouse o 19 de maio de 2014 por parte de Turismo de Galicia á vista da proposta presentada pola Secretaría Xeral para o Deporte. Unha vez instruído, resultou acreditado o apoio e a axuda prestada por Vicente del Bosque González á difusión, promoción e coñecemento da Ruta Xacobeá e dos valores asociados a ela.

Así se puxo de manifesto coa súa presenza en Santiago de Compostela ofrecendo no 2010 ao Apóstolo a Copa do Mundo acadada pola Selección Española de Fútbol no Mundial de Sudáfrica ese mesmo ano. De igual modo, púxose de manifesto o seu compromiso de futuro para a divulgación do Camiño de Santiago e mais do culto e a cultura xacobeá.

### **Embaixador de Honra do Camiño de Santiago**

O primeiro título de Embaixador de Honra do Camiño de Santiago foi concedido á S.A.R. o Príncipe de Asturias como recoñecemento ao permanente apoio da Casa Real na promoción e defensa dun dos principais símbolos de Galicia, de España e de Europa no mundo.

En comunicación recibida o 28 de novembro de 2013, o xefe da Casa da S.M. O Rei transmitiu a aceptación do príncipe e o seu nomeamento como Embaixador de Honra do Camiño de Santiago. O Príncipe de Asturias terá o título de Embaixador de Honra polo seu apoio constante ao longo do tempo, a través dos seus xestos de recoñecemento cara á Ruta Xacobeá, manifestando a súa condición de peregrino en distintas ocasións así como mediante a súa participación nos actos dos anos santos ou como divulgador dos valores xacobeos en todo o mundo. O título acredita, de igual modo, a axuda prestada pola S.A.R. na difusión, promoción e coñecemento do Camiño de Santiago e dos valores asociados a el, así como o seu compromiso de futuro para a divulgación do culto e a cultura xacobeá.



---

### **A figura do Embaixador do Camiño no Plan integral de turismo de Galicia**

Incluída na primeira liña estratéxica do Plan integral de turismo de Galicia recóllese a acción de nomear embaixadores de honra do Camiño de Santiago no marco da estratexia de posicionar o Camiño de Santiago como referente de sustentabilidade e modelo demostrador internacional. Esta acción inclúese na primeira liña estratéxica do plan, centrada no Camiño como eixe vertebrador das novas alternativas de turismo.

O decreto polo que se regula a concesión do título de Embaixador de Honra do Camiño de Santiago pretende recoñecer o labor das persoas –físicas ou xurídicas- distinguidas pola súa contribución ao coñecemento e divulgación do Camiño de Santiago, da cultura e dos valores xacobeos.

Existen dúas categorías de Embaixador de Honra. Unha delas a título persoal e a outra categoría, de carácter institucional. Poderán concederse como máximo oito títulos de embaixador en cada categoría correspondentes ao número das oito rutas históricas do Camiño de Santiago.

A presentación de propostas de candidatos para o título poden realizarse ao longo de todo o ano e os embaixadores comprometeranse a colaborar na programación anual da Xunta de Galicia, con polo menos unha acción ou actividade, para a divulgación dos valores humanos e sociais, culturais e espirituais do Camiño de Santiago.



---

## O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A FESTA DA ROSA DE MOS

- ***A festa cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia***
- ***Hoxe aprobouse tamén a declaración de festa de interese turístico de Galicia para A Festa das Cereixas de Paiosaco***
- ***Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 103 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de festa de interese turístico de Galicia para a Festa da Rosa de Mos que cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia.

De acordo co procedemento para a declaración de festas de Galicia de interese turístico regulado no capítulo III do citado decreto, valoráronse por parte da comisión de valoración as solicitudes presentadas de acordo cos requisitos de antigüidade mínima de dez anos, singularidade e orixinalidade así como o seu arraigamento popular e o seu valor cultural. Ao mesmo tempo, a comisión ten en conta criterios como a afluencia de visitantes, a calidade dos actos que configuran a celebración e o coidado da contorna paisaxística, urbana e monumental. Tamén destaca o feito de que por Mos transcorre a Ruta Xacobeana do Camiño Portugués.

A Festa da Rosa celébrase o 13 de xuño dende o ano 1973. Trátase dun evento singular dedicado á rosa de Quirós, presente nas insignias representativas do concello. Esta festa é o centro dunha ampla variedade de actos culturais e lúdicos, en que se combina a tradición e a música e nos cales participan asociacións culturais e veciñais.

O Consello da Xunta tamén aprobou hoxe a declaración como festa de interese turístico de Galicia para a Festa das Cereixas de Paiosaco, na Laracha.

Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 103 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional.





---

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE A DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA PARA A FESTA DAS CEREIXAS DE PAIOSACO**

- ***A festa cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia***
- ***Hoxe aprobouse tamén a declaración de festa de interese turístico de Galicia para A Festa da Rosa de Mos***
- ***Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 103 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional***

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración de festa de interese turístico de Galicia para a Festa das Cereixas de Paiosaco, na localidade da Laracha, que cumpre os requisitos definidos no Decreto 39/2001, regulador da declaración de festas de interese turístico de Galicia.

De acordo co procedemento para a declaración de festas de Galicia de interese turístico regulado no capítulo III do citado decreto, valoráronse por parte da comisión de valoración as solicitudes presentadas de acordo cos requisitos de antigüidade mínima de dez anos, singularidade e orixinalidade así como o seu arraigamento popular e o seu valor cultural. Ao mesmo tempo, a comisión ten en conta criterios como a afluencia de visitantes, a calidade dos actos que configuran a celebración e o coidado da contorna paisaxística, urbana e monumental.

A Festa das Cereixas de Paiosaco celébrase dende hai varios séculos no primeiro domingo do mes de xullo. A súa singularidade vén dada porque existen poucas festas dedicadas á exaltación deste produto, a cereixa. As celebracións contan con exposicións fotográficas, actos lúdico-festivos, música e bailes tradicionais. Na festa participan o tecido asociativo da parroquia de Lestón, a veciñanza así como os vendedores e o sector comercial do municipio.

O Consello da Xunta tamén aprobou hoxe a declaración como festa de interese turístico de Galicia para a Festa da Rosa de Mos (Pontevedra).

Con estas declaracións, a comunidade conta xa con 103 festas de interese turístico de Galicia, 13 festas de interese turístico nacional e 6 festas de interese turístico internacional.



---

## **A XUNTA AVANZA NA MODERNIZACIÓN DA CONTRATACIÓN PÚBLICA CUN PLAN QUE OPTIMIZA O GASTO E FOMENTA A PARTICIPACIÓN DAS PEMES**

- ***O Consello aprobou hoxe o Plan de mellora da contratación pública 2014-2016, que garante o uso eficiente dos recursos e reduce trámites aos contratistas***
- ***Son 19 medidas para optimizar o gasto, aumentar a concorrència, impulsar os medios electrónicos, fortalecer o uso social e aumentar a transparencia***
- ***A Xunta creará un manual de acceso ás licitacións para facilitar ás pequenas e medianas empresas a presentación de ofertas aos contratos públicos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Plan de mellora da contratación pública, unha folia de ruta elaborada pola Vicepresidencia e a Consellería de Facenda para seguir impulsando a modernización da actividade contractual do Goberno galego, co obxectivo de culminar o proceso a mediados do ano 2016.

A contratación pública é o punto en que conflúen dous obxectivos principais da acción da Xunta nos últimos anos: o uso eficiente dos recursos públicos, reducindo os gastos innecesarios, e a simplificación e axilización nos procedementos administrativos.

Con ese dobre obxectivo nace este plan, que tamén busca que a contratación pública contribúa ao desenvolvemento social en termos de xeración de emprego, de apoio aos colectivos máis desfavorecidos, de fomento da accesibilidade, estímulo á I+D+i e impulso ás pequenas e medianas empresas.

Ademais, enmárcase na vontade de levar a termo as importantes reformas normativas que se están producindo na regulación xurídica da contratación pública; tanto a nivel europeo como das derivadas da propia Lei de racionalización do sector público autonómico. Precisamente, o plan dá concreción e cumprimento a máis dunha vintena de artigos e disposicións contidos na lei galega.

### **Cinco eixes de acción estratéxica**

O Plan de mellora da contratación pública incorpora 19 medidas articuladas en 5 eixos de acción estratéxica e que terán unha implantación calendarizada e progresiva. Para materializar estes obxectivos, establécense distintos instrumentos que comprenden dende a mellora do marco regulamentario ata unha variada gama de recursos que contribúan ao desenvolvemento e modernización dun ámbito tan cambiante como é a contratación pública.

O primeiro dos eixes está orientado a optimizar o gasto, aproveitando as sinerxías e as economías de escala derivadas dos principios de autoprovisión e da centralización dos contratos. Entre outras medidas, a Xunta presentará unha relación de prestacións susceptibles de contratación centralizada e un catálogo de materias, obras, subministracións e servizos que terán que ser prestados a nivel interno, pola propia administración.



---

O segundo eixe busca maximizar o acceso e a concorrência, para estimular a competencia entre licitadores e conseguir a mellor oferta posible en termos de calidade-prezo. Un dos obxectivos deste bloque de medidas pasa por potenciar unha maior participación das pemes, por seren estas a espiña dorsal da economía galega.

Para iso, deseñaranse unha guía de contratación aberta ás pemes, para que os órganos de contratación poidan introducir nos pregos mecanismos que faciliten o seu acceso, e un manual de acceso ás licitacións, que se porá á disposición deste tipo de empresas na web para simplificarlles o acceso aos contratos públicos e solventar así as dúbidas máis frecuentes á hora de optar a unha licitación.

### **Contratación 100% informatizada**

Como terceiro eixe, seguirase impulsando a utilización de medios electrónicos en todas as fases dos procedementos de contratación para axilizar os trámites, eliminar custos de transacción e dar máis facilidades de acceso á información. O obxectivo, tal e como se marcaba na Lei de racionalización do sector público autonómico, é ter informatizados todos os procedementos de contratación en 2016. Nesta aposta polos servizos electrónicos e a interoperabilidade tecnolóxica, van ter un papel relevante tanto a AMTEGA como o CIXTEC.

En cuarto lugar, farase un esforzo para fortalecer o uso social da contratación pública, polo que se elaborarán dúas guías que fixarán criterios e cláusulas para potenciar nos pregos as ofertas que aposten pola I+D+i e por promover a responsabilidade social e ambiental das empresas. En definitiva, para que quen contrate coa Xunta sexa un exemplo de boas prácticas laborais, sociais, ambientais e de compromiso coa innovación.

Finalmente, o quinto eixe do Plan está centrado na transparencia e no impulso das boas prácticas na actividade contractual que desenvolve a Xunta de Galicia. Entre outras medidas, neste apartado inclúese unha actualización da normativa galega en materia de contratación e a aprobación de modelos únicos de pregos para todo o sector público e dunhas instrucións de boas prácticas para a correcta execución dos servizos externos. A Dirección Xeral de Administración e reforma Administrativa será a encargada de supervisar o cumprimento das recomendacións establecidas no plan.



---

## **A XUNTA INVISTE MÁIS DE 3 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DOS MUNICIPIOS DE CENLLE, SAN AMARO E PUNXÍN**

- ***O proxecto encargado dende Augas de Galicia define e valora as actuacións necesarias para erradicar os problemas que ten a rede de abastecemento***
- ***Nos concellos de Cenlle e Punxín o obxectivo é paliar o déficit de subministración e solucionar o problema de contaminación da auga dos pozos. No caso de San Amaro, as obras solucionarán os déficits de abastecemento nas épocas de estiaxe***
- ***O proxecto prevé executar unha rede de abastecemento en alta para o concello de Punxín e unha rede de distribución en alta dende o novo depósito de Trocado, regulador ata os depósitos de cabeceira de San Amaro e de Cenlle***
- ***Dende a pasada lexislatura a Xunta mantén o seu compromiso con aqueles concellos que non contan con orzamentos elevados para desenvolver obras hidráulicas***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a colaboración técnico-financeira entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e os concellos de Cenlle, San Amaro e Punxín, para a execución da obra centrada na mellora do abastecemento de auga dende a estación de tratamento de augas pluviais (ETAP) de Razamonde.

O proxecto encargado dende Augas de Galicia define e valora as actuacións necesarias para erradicar os problemas que ten a rede de abastecemento na actualidade nestes tres municipios ourensás, cun orzamento de 3.185.351,18 euros. Como solución ofrecerase unha subministración de auga tratada, dende ETAP de Razamonde (que capta auga do río Miño), aos núcleos e depósitos pertencentes a estes tres concellos e que estean situados por riba da cota de máis de 250 metros.

Con estas melloras proxectadas darase servizo á poboación de San Amaro e Punxín e a un 40 por cento de Cenlle, sendo o número de habitantes beneficiados superior aos 2.500.

### **Situación actual do abastecemento**

A ETAP de Razamonde, no Concello de Cenlle está potabilizando unha media de 330 metros cúbicos ao día e ofrecendo servizo ao 45 por cento da poboación. O resto da subministración procede de pozos de barrena.

Mentres, o Concello de San Amaro subministrase por medio dunha captación dun regato e de pozos profundos e en época de estiaxe o leito do regato queda case seco, polo que a poboación debe abastecerse unicamente dos pozos, sendo insuficientes ademais de comportar restricións na subministración.

Finalmente, no Concello de Punxín o abastecemento realízase con pozos profundos, nos que tamén se detectaron problemas de contaminación. Ademais, este municipio tamén capta auga do río Barbantiño, que ten problemas en época de estiaxe.

## Contido do proxecto de melloras

Na ETAP de Razamonde manterase o actual sistema de potabilización e bombeo ata o depósito de Razamonde e construírse un edificio ao lado para bombear auga potabilizada ata o alto de San Trocado, onde se construír un depósito regulador con capacidade de 500 metros cúbicos.

Dende este novo depósito execútase unha rede de abastecemento en alta para o concello de Punxín, ata Barbantes enlazando coa rede xeral do concello, na estrada N-540. En Barbantes construírse un novo depósito de 75 metros cúbicos, e ao mesmo tempo subministárase auga aos depósitos de Ourantes, Ventosela e Rubiás.


Proxéctase tamén unha rede de distribución en alta dende o novo depósito de Trocado regulador ata os depósitos de cabeceira de San Amaro e de Cenlle, estes últimos de nova execución cunha capacidade de 200 metros cúbicos de capacidade.


Dende o novo depósito de Cenlle, darase subministración así depósitos de Sadurnín, Vilar de Rei, A Quintá, Lentille e Esposende.

A Consellería de Medio Ambiente ten previsto licitar as obras ao longo deste mes de xuño e executar os traballos nun prazo de 18 meses.

## Colaboración cos concellos

Dende a pasada lexislatura a Xunta de Galicia mantén o seu compromiso con aqueles concellos que non contan con orzamentos elevados para desenvolver obras hidráulicas que melloren os seus servizos.





Comunicación da Xunta de Galicia  
 San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela  
 Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41  
 Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE  
 DESENVOLVEMENTO REGIONAL  
 "Unha maneira de facer Europa"  
 FONDO SOCIAL EUROPEO  
 "O FSE inviste no teu futuro"

---

## **A XUNTA AUTORIZA O CONVENIO CO COLEXIO DE ARQUITECTOS PARA A ACTUALIZACIÓN DO «PROXECTOTERRA», QUE SE CENTRARÁ EN ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN E FORMACIÓN EN TORNO Á PAISAXE GALEGA**

- ***O importe do acordo ascende a 218.390 euros, dos cales a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas achegará 190.000***
- ***O COAG elaborará recursos educativos sobre “A paisaxe galega” dirixidos á educación secundaria obrigatoria, que incidan na apreciación do valor da paisaxe***
- ***A Xunta e o Colexio de Arquitectos de Galicia veñen colaborando dende o ano 2003 no “Proxectoterra”, un programa educativo destinado a mellorar o coñecemento da nosa arquitectura e da nosa identidade territorial***

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG) co fin de actualizar e reeditar o «Proxectoterra». O obxectivo deste acordo é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre ambas entidades, que permitan realizar actividades de sensibilización, formación e divulgación sobre a paisaxe galega.

Cabe sinalar que é de interese común das dúas partes actuar de forma coordinada para a realización de traballos que permitan unha maior concienciación respecto da incidencia sobre o territorio da actividade humana, co fin de conseguir unha mellor calidade de vida.

O acordo busca a promoción de actividades de colaboración e cooperación en materia de paisaxe, mediante asistencia científica e técnica e intercambio de experiencias, con fins de formación e información, coa finalidade de formar, difundir e ampliar os coñecementos da cidadanía en xeral e dos técnicos e entidades competentes en temas relacionados coa ordenación, planificación e intervencións das actividades humanas sobre o territorio e a súa repercusión na conformación das paisaxes do presente e do futuro.

O importe do convenio ascende a 218.390 euros, dos cales a Xunta de Galicia achegará 190.000 e o Colexio de Arquitectos os 28.390 restantes

No marco deste acordo, o COAG elaborará recursos educativos sobre “A paisaxe galega” dirixidos á educación secundaria obrigatoria, que incida na apreciación do valor da paisaxe e na aprendizaxe da súa lectura, para poder comprender as súas transformacións. Ademais, terá que coordinar o envío dos recursos elaborados a todo os centros públicos da ESO de Galicia, asumindo así mesmo os labores de organización e difusión das súas actividades complementarias; e elaborará, en colaboración coa Xunta de Galicia, un prototipo de material multimedia interactivo sobre a comprensión das paisaxes galegas, baixo o título Fiestras á paisaxe.

### **Proxectoterra**



A Xunta e o Colexio de Arquitectos de Galicia veñen colaborando dende o ano 2003 o "Proxectoterra", un programa de intervención educativa dirixido ás distintas etapas da educación obrigatoria co fin de contribuír a mellorar o coñecemento que a cidadanía de Galicia debe ter da nosa arquitectura e da nosa identidade territorial.

Un proxecto concretado na elaboración de recursos educativos sobre arquitectura, territorio e paisaxe específicos e contextualizados á realidade do noso país e que comparten e dan resposta aos obxectivos e contidos dos currículos vixentes de educación infantil, educación primaria e secundaria que conteñen, entre outros, os seguintes:

- ✓ Identificar e analizar, a diferentes escalas, as interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios na utilización do espazo e do aproveitamento dos recursos naturais, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e ambiental destas.
- ✓ Obter e seleccionar información utilizando as fontes dispoñibles apropiadas, tratada de forma autónoma e crítica, cunha finalidade previamente establecida, e transmitila de maneira organizada e intelixible.
- ✓ Valorar e respectar o patrimonio natural, histórico, lingüístico, cultural e artístico, asumindo as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.

A relación entre COAG e a Xunta de Galicia é permanente, posto que as competencias de intervención e ordenación territoriais, urbanísticas, de construción de vivendas, etc, son obxecto de proxectos da área competencial do colectivo de arquitectos, o que xera a necesidade permanente de relación e colaboración coa Administración da Comunidade Autónoma.

De xeito específico, dende o ano 2003 a Xunta de Galicia e o COAG manteñen unha colaboración continuada co obxectivo de dar apoio á elaboración de materiais e actividades didácticas e labores de actualización do «Proxectoterra», coa finalidade de formar, difundir e ampliar os coñecementos dos cidadáns en temas relacionados coa ordenación, planificación e intervencións das actividades humanas sobre o territorio.

Grazas a este acordo das dúas institucións acádase maior rendibilidade de esforzos no campo da formación e da elaboración de documentos de difusión en materia de ordenación e actuación sobre o territorio e o medio e, nomeadamente, na protección, xestión e ordenación da paisaxe. A Xunta e o COAG teñen que ampliar, difundir e manter actualizados os contidos do "Proxectoterra" realizado polo COAG.

### **A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN PREVÉ INCREMENTAR EN 1.400 OS USUARIOS DOS COMEDORES ESCOLARES BAIXO A SÚA XESTIÓN NO CURSO 2014/15**

- ***O departamento educativo da Xunta de Galicia destina este curso máis de 29,7 millóns de euros aos comedores escolares, duplicando o achegado en 2007 para a prestación deste servizo***





▪ ***O Consello da Xunta aprobou hoxe a licitación do lote de contratos de comedores de xestión indirecta***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten previsto incrementar en 1.400 os usuarios dos comedores escolares que xestiona – tanto de forma directa como indirecta- o vindeiro curso. Así, xa contando con esta previsión, o departamento educativo da Xunta de Galicia terá incrementado o número de prazas en comedores escolares en 10.839 respecto das que había no curso 2008/09, un 22,3%.

Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á licitación do expediente de contratación da xestión dos comedores escolares de xestión indirecta, incluídos os que se asumen para o vindeiro curso das ANPAs que así o aceptaron, e que supoñen un total de 9.781 prazas. Cómpre sinalar que, en función da demanda, o número de prazas anteriormente citadas poderá incrementarse ata un máximo do 10%.

En total, destináronse este curso 29,7 millóns de euros aos comedores que xestiona de forma directa e indirecta, así como ao cofinanciamento mediante convenio de colaboración dos comedores xestionados polos concellos e ao cofinanciamento dos comedores xestionados polas ANPAS mediante outorgamento de axudas; o que supón duplicar o orzamento de 14,6 millóns que se destinaba en 2007 aos comedores.

Cómpre lembrar que, dos usuarios dos comedores da Consellería - xestión directa e indirecta-, preto do 80% - en concreto o 78,11%- dos usuarios teñen o comedor escolar de balde, sen pagar nada. Engadíndolle os que pagan 1 euro ao día, o 83,59% dos comensais utilizan o comedor totalmente de balde ou pagando tan só un euro.



---

## **TRABALLO AMPLÍA ATA OS 4,1 MILLÓNS DE EUROS O ORZAMENTO PARA FORMACIÓN DUAL QUE PERMITIRÁ A FORMALIZACIÓN DE 750 CONTRATOS**

- ***A ampliación de tres millóns de euros permitirá unha formalización dun total de 750 contratos***
- ***Como novidade, poderán beneficiarse destas axudas as entidades locais que realicen contratacións de formación e aprendizaxe***
- ***Esta iniciativa consiste en proporcionar aos beneficiarios un contrato asociado a unha actividade formativa de calidade***
- ***A duración mínima destes contratos é dun ano, que poderá chegar ata os tres***
- ***Durante a vixencia do contrato, as empresas contarán con reducións da cota empresarial da seguridade social que irán desde o 75% ao 100%***
- ***Prorrógase o prazo de presentación de solicitudes ata o 15 de novembro***

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha ampliación do crédito da orde que regula o financiamento de formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe en tres millóns de euros. Isto supón un orzamento total de 4,1 millóns de euros que suporán a formalización de 750 contratos. Así mesmo, prorrógase o prazo de presentación de solicitudes ata o 15 de novembro.

Como principal novidade, poderán beneficiarse destas axudas as entidades locais que realicen contratacións de formación e aprendizaxe.

A Consellería de Traballo e Benestar está a impulsar este contrato de formación co fin de loitar contra o desemprego xuvenil en Galicia. Esta iniciativa, que combina un posto de traballo cunha actividade formativa, está dirixida aos menores de 30 anos cunha baixa cualificación e que estean en situación de desemprego.

Ofrece aos mozos desempregados un contrato profesional e unha formación certificada, ao tempo que as entidades contratantes teñen a posibilidade de contar con profesionais preparados para determinados labores específicos.

O proxecto consiste en proporcionar aos beneficiarios un traballo asociado a unha actividade formativa de calidade vinculada á demanda real do mercado laboral e a un certificado de profesionalidade, de validez estatal.

Deste xeito, ademais de proporcionar un traballo, mellórase a preparación e cualificación dos participantes, un aspecto especialmente importante no caso daqueles mozos e mozas que en época de bonanza abandonaron a súa formación por un posto de traballo, que entón abundaban en sectores como a construción ou o metal e que a día de hoxe non contan cunha formación específica nin outra experiencia laboral.

---

Este contrato ofrece vantaxes e oportunidades tanto para a empresa como para o traballador. Trátase dun contrato cun salario acorde ao convenio colectivo mentres que a formación dos beneficiarios corre a cargo da Xunta.

O Servizo Público de Emprego encárgase de autorizar estes contratos e de velar para garantir que se cumpran as súas condicións. A súa duración mínima é dun ano, que poderá chegar ata os tres.

As empresas tamén contan con vantaxes se optan por esta modalidade. Así, durante a vixencia do contrato contan con reducións da cota empresarial da Seguridade Social que van desde o 75% ao 100%. Ademais, as empresas poden contar deste xeito con profesionais preparados especificamente para o labor que teñen que realizar.



## UN NOVO RENOVE DE LOUSA, GRANITO E TELLA MOBILIZARÁ 3 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA ENERXÉTICA DAS VIVENDAS GALEGAS

- ***O plan, que por primeira vez incorpora aos sectores do granito e a tella, beneficiará a propietarios e comunidades de veciños, que poderán solicitar axudas de ata un 30% do total do investimento subvencionable***
- ***O obxectivo do programa é diminuír o gasto enerxético nas construcións, co conseguinte aforro económico, ao tempo que se impulsa a dinamización dos sectores implicados***
- ***Contribuirase á creación e mantemento de máis de 500 empregos desenvolvendo proxectos encamiñados tanto á renovación de cubertas con lousa e tella, como á rehabilitación con granito das fachadas de edificios***

A Consellería de Economía e Industria porá en marcha por primeira vez un Plan Renove conxunto de lousa, granito e tella que aspira a impulsar a competitividade do sector promovendo a mellora da eficiencia enerxética das vivendas galegas. Neste sentido, o programa suma un total de 600.000 euros, cos cales se persegue fomentar tanto a renovación de cubertas de edificios de vivendas empregando a lousa e as tellas, como a rehabilitación con granito das fachadas. Deste xeito, mobilizaranse 3 millóns de euros a través de diferentes actuacións que contribuirán a diminuír o gasto enerxético nos fogares galegos, acadándose deste xeito un importante aforro económico.

A convocatoria, que por primeira vez incorpora aos sectores do granito e a tella, beneficiará vivendas unifamiliares e comunidades de veciños, que obterán apoios que cobren o 30% do total do custo subvencionable do proxecto. Estes custos serán, no caso da lousa, dun máximo de 70 euros por metro cadrado de cuberta; de 55 euros para a tella cerámica; e de 110 a 140 euros por metro cadrado en función do tipo de fachada de granito. As actuacións inclúen, ademais dos materiais, a desmontaxe das cubertas existentes e a montaxe das novas, así como os proxectos de arquitectura ou enxeñaría necesarios e os custos de licenzas.

Coa activación deste novidoso plan de axudas, do que se informou hoxe en Consello da Xunta, o Goberno galego contribúe á dinamización dos sectores da lousa, do granito e da tella, impulsando o sector da construción ao incrementar a demanda e instalación destes materiais. Deste xeito, o plan permitirá o mantemento e creación de arredor de 500 postos de traballo, apoiando as familias galegas na renovación das cubertas e fachadas dos edificios de vivendas empregando materiais de alta calidade. Non en van, tanto a lousa como o granito e a tella posúen importantes características que fan deles elementos de gran calidade para o seu uso nas cubertas e fachadas de edificios, contribuíndo así á redución dos consumos enerxéticos.

Deste xeito, foméntase o aforro e a eficiencia enerxética e ao mesmo tempo impúlsanse estes sectores. Neste sentido, o Goberno galego ten destinado nos últimos cinco anos preto de 3,5 millóns de euros ás industrias da lousa e do granito. Así, xunto ao desenvolvemento



---

xa de dous renoves de lousa, téñense realizado diferentes actuacións encamiñadas ao impulso da mellora competitiva e á innovación, incentivando e facilitando a investigación, colaborando cos clusters empresariais e apoiando aos centros tecnolóxicos, que realizan un importante labor de I+D+i e en materia de prevención de riscos laborais.



---

**A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN LIDERA, EN CONSENSO COAS UNIVERSIDADES, UNHA NOVA ETAPA DO PROCESO PARA ACADAR UNHA OFERTA DE MÁSTERES OFICIAIS RACIONAL E QUE FAVOREZA O CRECEMENTO SOCIOECONÓMICO DE GALICIA**

- ***O Consello da Xunta analizou hoxe un informe no cal se recolle a progresiva redución das duplicidades, revogando titulacións que levaban anos sen impartirse no Sistema universitario de Galicia por, entre outros motivos, falta de alumnado***
- ***A partir do 2014/15, as propostas de novo máster deberán incorporar unha xustificación do seu interese socioeconómico para a Comunidade Autónoma***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a liderar, en consenso coas tres universidades galegas, unha nova etapa do proceso para acadar unha oferta de másteres oficiais racional e que favoreza o crecemento socioeconómico de Galicia. Así o recolle o informe analizado hoxe polo Consello da Xunta, no cal se recolle a progresiva redución de duplicidades nestas titulacións no Sistema universitario de Galicia (SUG), despois do significativo incremento de másteres moi similares e con pouco alumnado que se producira ata hai 2 cursos.

No que atinxe á revogación de títulos universitarios oficiais de máster no SUG, cómpre lembrar que deixan de ofertarse por motivos como non acadar o número mínimo de alumnos establecido no artigo 6.2 do Decreto 22/2011, por fusión, por extinción do plan de estudos, ou por non teren ofertado prazas durante os dous últimos cursos, como mínimo. Ademais, a Consellería envía ás universidades a listaxe dos susceptibles de seren revogados antes da súa votación no Consello Galego de Universidades.

Neste sentido, o informe salienta a importancia da instrución ditada pola Consellería en 2012 para evitar que se mantivera esta proliferación de másteres duplicados, apoiándose para iso nos requirimentos de número de matriculados establecidos polo decreto de titulacións de 2011. Así, no curso 2013/14 conseguíuse racionalizar a oferta ata chegar aos 217 másteres oficiais, fronte aos 230 autorizados no 2012/13. A previsión da Consellería, segundo o acordado coas universidades, é que no curso 2014/15 a oferta estea composta por 197 titulacións.

### **Novos requirimentos**

Para conseguilo, ábrese agora unha segunda etapa na cal as novas propostas de máster oficial deberán ir acompañadas dunha dobre documentación: dunha banda, a memoria de verificación tradicional, que avaliará a ACSUG; doutra, e como novidade, un anexo que incorpore a xustificación socioeconómica da proposta, segundo os requisitos recollidos na Orde do 20 de marzo de 2012, de desenvolvemento do Decreto 222/2011.

Así, establécese a necesidade de que calquera nova proposta de máster oficial achegue valor engadido ao sistema universitario no seu conxunto, e á sociedade galega, en particular, baixo os criterios de especialización de campus, empregabilidade do alumno e



---

conexión co tecido socioeconómico do contorno da universidade. O obxectivo da Xunta de Galicia é culminar o proceso de racionalización e mellora da oferta académica de titulacións nas universidades galegas, sen duplicidades, competitiva e atractiva para o estudantado.



---

## O SERGAS DESTINARÁ ARREDOR DE 2,6 MILLÓNS DE EUROS Á CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE SAÚDE DE CULLEREDO

- ***A súa superficie total será superior a 1.900 m<sup>2</sup>***
- ***O seu prazo previsto de execución é de 15 meses***

O Servizo Galego de Saúde destinará arredor de 2,6 millóns de euros á execución da obra de construción do centro de saúde do Portádego, no concello coruñés de Culleredo, nunha parcela cedida polo Concello.

Esta obra enmárcase no programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e o seu prazo previsto de execución é de 15 meses.

O programa funcional destas instalacións inclúe unha área de medicina con 14 consultas, unha área de pediatría con tres consultas, toma de mostras, unha sala de técnicas e unha sala polivalente. Ademais, contará cunha área de administración con almacén e outros servizos comúns.

Este novo centro da rede sanitaria pública galega, que atenderá arredor de 28.000 persoas, suporá que tanto os profesionais como os usuarios dispoñan dunha infraestrutura moderna e adaptada ás súas necesidades, dando unha mellor resposta ás necesidades de saúde presentes e futuras dos veciños deste municipio.

O Servizo Galego de Saúde continúa coa tramitación de proxectos de novos centros de saúde, e neste sentido o *Diario Oficial de Galicia* publicará proximamente a licitación das obras de construción do de Gondomar, que se unirán deste xeito á dos centros de saúde de Marín, Vilarrodís, Tui, Panxón, Galeras, Oia, O Couto e Buño, que xa foron publicados.

